



CONCELLO DE VIGO
CONTABILIDADE E ORZAMENTOS

Expediente: 76/142

De: Responsable superior contable e Orzamentación
A: Dirección de Ingresos (Dona María Jesús Magdalena)
Asunto: Orzamento 2023, estado de INGRESOS
Expediente: 76/142

Coa data da sinatura do 15/06/2022, o Sr. Alcalde Presidente, resolveu sobre o inicio do expediente de formación do Orzamento do ano 2023. Con data posterior, o Sr. Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda (Delegación de 18 e 26 de xuño/2019), ditou as directrices de formación do Proxecto de Orzamentos/2023.

Aos efectos de dar cumprimento ao previsto no artigo 168.1.e) do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, deberase achegar cuantificación do recursos que conforman os capítulos 1, 3 e 5.

En relación cos impostos cedidos pola Administración do Estado, dos capítulos 1 e 2, así como o Fondo Complementario de Financiamento e a Participación nos Ingresos da Comunidade Autónoma, está cuantificado xa no borrador das previsións que se envían.

Así mesmo, en cumprimento do previsto no artigo 168.1.g), unha vez pechada a estrutura de ingresos, tendo en conta as subvencións, se solicitará a emisión do informe de ingresos e bases utilizadas para xustificar as previsións contidas no devandito estado.

En Vigo a data da sinatura electrónica

O Responsable superior contable e orzamentario: Luís García Álvarez
O CONCELLEIRO DELEGADO DE ORZAMENTOS E FACENDA: Jaime Aneiros Pereira
(Delegación, Resolución Alcaldía de 18 e 26/06/2019, texto consolidado do 04/09/2020)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/11/2022 09:19	Páxina 1 de 1
76-142	CSV: A3AABE-5EBD25-3CEFE7-9A7BN2-VHWPA4-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		